

ACTA DA PROBA ORAL DE LINGUA GALEGA E PROPOSTA DE CONTRATACIÓN COMO PERSOAL LABORAL FIXO DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA CUBRIR TRES PRAZAS DE ALBANEIS NO CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO

Na Sala de Plenos do Concello de Salvaterra de Miño, sendo as 9:30 horas do día 13 de marzo de 2024, reúnese o Tribunal cualificador do proceso selectivo convocado para cubrir tres prazas de albaneis, correspondente á convocatoria de selección de persoal laboral fixo no proceso de estabilización de emprego temporal do Concello de Salvaterra de Miño, publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 37 de 22 de febreiro de 2023, coa asistencia dos seguintes membros:

Presidenta: Raquel Carracedo Picáns, administrativa do Servizo de Recursos Humanos e Formación da Deputación Provincial de Pontevedra.

Secretaria: Ruth Belén Lis Álvarez, funcionaria pertencente ó grupo C2 da Xunta de Galicia.

Vogais:

Rocío de Sinde Penas, Técnica de xestión do Servizo de Asistencia Intermunicipal da Deputación Provincial de Pontevedra

Beatriz Domínguez Riobó, funcionaria pertencente ó grupo C2 da Xunta de Galicia

Reunido o Tribunal cualificador, a Secretaria toma a palabra e dá conta do seguinte:

- O obxecto da reunión é a realización da proba oral de galego do proceso selectivo de referencia.

En primeiro lugar, por parte da Secretaria do Tribunal, efectúase o chamamento e identificación das persoas que non acreditaron o CELGA 2, Ricardo Fernández Grandal e Julio Domínguez Salgado.

A continuación e antes do inicio da proba, a Secretaria do Tribunal informou das seguintes cuestións:

- Que a proba consistirá na tradución á lingua galega dun fragmento de texto elixido polo tribunal e que ten o seguinte teor literal:

“Cuarta. Comprobación de datos

Los datos personales proporcionados por las personas interesadas para la gestión de las solicitudes de participación en la acción formativa convocada a través de esta resolución, así como aquellos otros que se recojan o elaboren con motivo del desarrollo de esta, serán tratados por la Escuela Gallega de Administración Pública (EGAP) en su condición de responsable del tratamiento, con la finalidad de llevar a cabo la selección del alumnado, la impartición de la formación y la gestión general de esta”

- Posteriormente, cada unha das persoas aspirantes procederá a súa lectura pública ante o Tribunal cualificador.

Finalizada a proba, por unanimidade dos membros, acórdase declarar a ambos candidatos como APTOS nesta proba.

Así, transcorrido o prazo de alegacións sen recibir ningunha ao respecto, o Tribunal acorda elevar a definitivas as puntuacións outorgadas na fase de concurso, resultando a seguinte relación de persoas aprobadas por orde de puntuación:

Aspirante	Experiencia Profesional	Outros méritos				Puntuación total
		Superación Procesos Selectivos	Cursos de formación	Coñecemento lingua galega	Titulación superior, master ou postgrao	
Julio Domínguez Salgado	90 puntos	4 puntos	0 puntos	0 puntos	0 puntos	94 puntos
Ricardo Fernández Grandal	90 puntos	4 puntos	0 puntos	0 puntos	0 puntos	94 puntos
Víctor Manuel Álvarez Arcos	42,5 puntos	4 puntos	0,8 puntos	0,75 puntos	0 puntos	48,05 puntos

Á vista do anterior, o Tribunal cualificador, de conformidade co disposto na base novena da convocatoria, propón o nomeamento de D. JULIO DOMÍNGUEZ SALGADO, D. RICARDO FERNÁNDEZ GRANDAL e D. VÍCTOR MANUEL ÁLVAREZ ARCOS, como Oficiais 1ª Albaneis, persoal laboral fixo do Concello de Salvaterra de Miño.

De acordo co previsto nas base décima da convocatoria, as persoas propostas deberán achegar a documentación sinalada nas bases para xustificar que cumpre cos requisitos esixidos para ingresar na función pública local, no prazo de (20) días naturais, contados a partir da publicación da lista de persoas aprobadas.

No caso de non presentar a documentación anterior dentro do prazo fixado, salvo nos casos de forza maior, ou cando do exame da mesma se deduza que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base 3ª, non poderán ser nomeados persoal do Concello e quedaran anuladas as actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que incorreran por falsidade na solicitude de participación.

E non sendo outro o obxecto da reunión, dáse por finalizada a mesma, sendo as 10:00 horas do día arriba indicado, estendéndose a presente acta de todo o que, como Secretaria, dou fe.

Asinado dixitalmente,